

PROCEDIMENTO INTERNO PARA A CONVOCATORIA CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA 2023

A Presidencia da Axencia Estatal de Investigación (AEI) vén de aprobar a convocatoria 2023 das axudas para incentivar a consolidación investigadora, encadradas no Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica y de Innovación 2021-2023, dentro do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer y Retener Talento, Subprograma Estatal de Incorporación, e no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

A contía total das axudas ascende a 96.000.000 €, establecéndose un máximo de 200.000 € por Investigador Principal (IP), excepto no caso de actuacións dentro das temáticas estratéxicas de Intelixencia Artificial e Microelectrónica & Semicondutores (chips), onde a contía máxima será de 400.000€ por proxecto.

Estas axudas teñen por finalidade fomentar a consolidación da carreira profesional das persoas investigadoras, nacionais e estranxeiras, para que poidan desenvolver a súa carreira profesional dentro do Sistema Español de Ciencia, Tecnología y de Innovación (SECTI), incentivando a **creación de prazas de carácter permanente** nas institucións de adscrición e facilitando o **inicio ou afianzamento dunha liña de investigación** mediante a **financiación dun proxecto propio de I+D+i** así como a renovación e adecuación dos espazos e laboratorios e a mellora de equipamento necesarios para a súa execución.

Así pois, as actividades financiáveis incluídas nas actuacións son as seguintes:

- a) O **incentivo para a creación** e cobertura dunha **praza permanente** no eido de coñecemento do IP da actuación, **sempre que esta persoa non ocupara xa unha praza permanente na entidade beneficiaria ao inicio do período de presentación de solicitudes** (7 de xullo de 2023).
- b) A execución dun proxecto propio de I+D+i liderado polo IP da actuación
- c) A adecuación de espazos, renovación de laboratorios e similares, necesarios para o inicio e afianzamento da liña de investigación do IP. A inclusión deste último apartado non será obrigatoria.

As actuacións realizaranse **de forma individual por un único beneficiario**. A duración destas será **de 2 anos**. O prazo de execución especificarase na resolución de concesión.

É importante destacar que non se financiarán actuacións que, directa ou indirectamente causen un prexuízo significativo ao medio ambiente («principio DNSH» polas súas siglas en inglés).

Poden acceder a toda a información sobre a convocatoria a través do seguinte enlace: <https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/consolidacion-investigadora-2023/convocatoria>

A fin de poder establecer unha adecuada atención ás dúbidas por parte da comunidade investigadora así como unha eficiente xestión das candidaturas, detállase a continuación o procedemento interno a seguir para presentar as solicitudes a esta convocatoria.

Código Seguro De Verificación	vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	11/07/2023 13:58:24
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



PROCEDIMENTO E PRAZOS PARA PRESENTAR A SOLICITUDE NA UDC

Tendo en conta as características da convocatoria, as persoas candidatas serán **persoal investigador con avaliación positiva do certificado I3**, en trámites para a obtención do **certificado R3**, ou ben aquel persoal que obtivera o seu **grao de doutor antes do 1 de xaneiro de 2016 e teña participado nalgún programa para a incorporación de persoal investigador** financiado por algún axente público do SECTI, pola Unión Europea ou por algún organismo internacional. Ademais, as persoas candidatas deberán contar **con vinculación contractual non permanente coa UDC** na data de publicación deste procedemento.

Ademais, dado que a convocatoria implica o compromiso por parte da UDC para a creación dunha praza de carácter permanente no seu eido de coñecemento, **todas as expresións de interese deberán contar co visto e prace do vicerreitor de Investigación, D. Salvador Naya Fernández.**

No caso concreto do persoal investigador contratado baixo as axudas **Ramón y Cajal**, poderán presentar a súa candidatura a esta convocatoria de Consolidación, se ben a posterior **obtención destas axudas implicará a renuncia ás condicións establecidas polo Programa berce** desde o momento no que se produza a súa estabilización, debido ao disposto no 5º punto do artigo 11 da convocatoria.

De acordo con isto, establécese un procedemento interno de solicitude en dous pasos:

1. **Mostra de interese.** Ábrese un prazo ata o día **14 de xullo de 2023** (incluído), para que as persoas candidatas interesadas en presentar unha solicitude a esta convocatoria formulen a súa mostra de interese, que deberá facerse mediante comunicación por correo electrónico á dirección ciencia.excelente.otri@udc.gal.

Nesta comunicación deberá incluírse, polo menos, a seguinte información:

- Nome do investigador
- Documentación xustificativa de solicitude ou consecución do certificado R3 / I3 ou ben do cumprimento do requisito de grao de doutor/a anterior a 2016 e a participación en programas de incorporación de persoal investigador.

Os investigadores recibirán resposta á súa expresión de interese nun prazo máximo de tres días hábiles trala recepción da comunicación por parte do vicerreitor.

2. **Presentación da solicitude.** Unha vez aceptada a candidatura, as persoas candidatas deberán remitir a documentación necesaria para o seu concurso na convocatoria antes do **24 de xullo ás 14:00h**, co fin de proceder a súa validación interna por parte da UDC. Posteriormente as propostas serán presentadas polo investigador no portal habilitado a tal efecto na sede electrónica do Ministerio de Ciencia e Innovación, seguindo o procedemento oficial da convocatoria.

Non se atenderán solicitudes fora dos prazos establecidos neste procedemento.


Código Seguro De Verificación	vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	11/07/2023 13:58:24
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Para máis información poden poñerse en contacto co área de Ciencia Excelente da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), ben a través do propio correo ciencia.excelente.otri@udc.gal ou ben por vía telefónica (ext. 5706 e 5783).

A Coruña, a 11 de xullo de 2023

D. Salvador Naya Fernández

Código Seguro De Verificación	vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	11/07/2023 13:58:24	
Observacións		Páxina	3/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vo3UIBaozCpp2WpmWvYokg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			